

## **A Rafael Dieste e Carme Muñoz**

**Xenebra, 17 de xaneiro de 1967**

(...) Moito lle agradezo a Carme o que me di de ir pasar unha tempada a Rianxo. Excuso diciros o que boto de menos Galiza, pero non volvo a España. Son moitas e moi longas as razóns que teño para non volver, de maneira que vos aforro o capítulo. Non se trata só de cuestións políticas, nin moito menos. Non sabedes cantas veces pensei no que me gustaría ter unha leiriña de patacas nunha aldea de pescadores de Galiza e quedarme alí tranquila, pero infelizmente non pode ser, non podoo tampouco pensar en comprar nada nun lugar que moi probablemente e con farta dor de corazón non volverei pisar.

Non creades que estou chocha da vida traballando en Xenebra. Non hai nada diso. Para unha muller soa, Xenebra é un enterro de primeira. Vívese ben, comodamente, en absoluta soedade e sen nada que desperte o interese de un. A cidade nin te estimula nin te da nada. Ademais deprime soberanamente. Pero aquí están as miñas posibilidades de traballo, e aquí estou eu, posto que non me queda máis remedio que traballar para vivir. No futuro inmediato, polo de pronto, teño compromisos de traballo para o ano enteiro, sen interrupción ningunha, o que quere dicir que non poderei siquera tomar unhas vacacións. Irei a París un par de días a arranxar os meus papeis, que teño que renovar, e tratarei de saír de aquí os fins de semana, entre outras razóns porque mo ordenou o médico. A comezos do anos que ven, moi probabelmente, irei á India por un par de meses pero claro está que a traballar e co billte pagado. Pero aínda traballando, dous meses dan certo tempo para ver algunhas das couas que me interesan. Sei que o vou pasar moi mal e que vou sufrir moito presenciando o espectáculo de miseria atroz que se ve ate nas rúas de Nova Delhi, segundo me contan compañeiros que estiveron alí en épocas en que non había tanta fame como agora. Algúns deles decidiron non saír do seu hotel máis que para ir traballar, porque non podían soportar os grupos de mendigos que se lle botaban aos pés en canto os puñan na rúa. Eu non creo que haxa que pechar os ollos ante esas cousas, por moito que che doan, porque me parece unha actitude moi similar á do que se fai o desentendido. En fin, xa veremos o que pasa.

Non sei onde estarán agora Luís e Maruxa, e moito me temo que nesta última ocasión en que pasaron por Xenebra non fixen grande cousa por facerlles agradábel a estancia. A verdade é que estaba bastante peor do que exteriormente parecía. Agora estou asombrosamente ben en canto a estado xeral, e só quedan pequenas cousas que correxir e axustar. O 3 de xaneiro reanudei o traballo e non só o resisto ben senón que volvín facelo con alegría.

Até pronto e mil agarimos

Amparo

**A Rafael Dieste e Carme Muñoz**

**Xenebra, 22 de marzo de 1970**

(...) Estou unida a Galiza por un sentimento vexetal. Sinto aí as miñas raíces. Ese é o meu clima, o meu aire e o meu mar; esa é a miña chuvia e o meu falar. E dóeme Galiza na alma. Resolverme ir alá é moi difícil. Ademais, sigo lembrando entrañabelmente a amigos mortos nas condicións daquela famosa época, e non os pododo esquecer, nin pododo esquecer o que fixeron con eles. É moi difícil.

Moitas veces penso que o sensato sería comprar unha casa en Rianxo ou o seu equivalente, para rematar a miña vida alí. Pero non creo poder soportalo. Ademais, téñolles moito medo aos españois, e esa lonxanía das portas de escape que poderían ser as fronteiras con Francia aterrorízame. Creo que estou condeada ao desterro perpetuo, e o malo é que sofro del profundamente. Eu temén teño ganas de tenderme na praia a mirar o ceo e a ouvir xogar aos nenos ao meu redor. Teño ganas de comer leitugas plantadas por min e de ter unha leira de patacas, de ler sen presas, de reler. Estou agora traballándome o ánimo con argucias. O ano que ven é Ano Santo. A min causame un verdadeiro pracer todo o románico. Trato de convencerme de que debo facer o camiño de Santiago por Francia e España e ate de ir ás festas do Apóstolo. E, claro está, a Rianxo a veros. Non sei se me convencerei por ese “detour”. Hai tamén a dificultade de a miña saúde. Aínda que estou moito mellor non estou ben de todo. Os médicos afirman

que é psicosomático. Soedade, inseguridade, etc, etc. Pero o feito é que de cando en cando volven esas terribes vertixes, que o deixan a un destrozado, porque ao contrario do que pasa coas dores, que se esquecen en canto as pasas, as vertixes non se esquecen, quítanche toda a seguridade en ti mesmo e vives cheo de pánico”.

(traducidas do español por Carme Vidal)